



O Concello de Vilasantar convoca o primeiro Certame de pintura rápida “Xosé Casal” de acordo ás seguintes bases:

1. O Certame celebrarase o **7 de maio de 2023**.
2. Poderanse presentar ao certame as persoas maiores de 18 anos, profesionais ou afeccionados, que presenten a súa solicitude o día do certame na casa do concello.
3. Cada artista poderá participar cun **máximo dunha obra realizada o día do certame**.
4. A inscrición e selado dos soportes realizarase na casa do concello, o día 7 de maio, entre as 09:00 e as 12:00 horas da mañá.
5. O tema obrigado será a contorna de Vilasantar; paisaxes, xentes e costumes. A organización facilitará un plano delimitando as zonas dentro das que se situarán os participantes, pintando neses lugares (zona urbana de Vilasantar, Mezonzo e ruta dos muíños).
6. A organización selará a cada participante o soporte, aportado polo artista, que se presentará en branco, sen manipular. As medidas do soporte serán dun tamaño mínimo de 60x81 cm e máximo de 100x81 cm.
7. As obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc. O artista virá provisto de todo o material preciso para a execución da súa obra, incluído o cabalete para expor a pintura realizada.
8. As obras realizadas serán presentadas para a súa exposición sen asinar entre as 16:00 e as 17:00 horas no lugar designado pola organización.
9. O xurado estará composto por persoas cualificadas e profesionais do mundo da arte e a súa decisión será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se non alcanzan as obras unha calidade suficiente ao seu criterio.
10. O xurado valorará as obras presentadas entre as 17:00 e as 18:00 horas, e entregaranse os premios a partir desa hora. A súa decisión será inapelable.
11. Establécense os seguintes **premios**:
 - Primeiro premio, patrocinado polo Concello de Vilasantar: 1.000 € e diploma.
 - Segundo premio, patrocinado por Losán: 600 € e diploma.
 - Terceiro premio, patrocinado por GSV Agro: 400 € e diploma.
 - Cuarto premio, patrocinado por Bacalaos Boado : 300 € e diploma.
 - Quinto premio, patrocinado por Pintores de Galicia: 300 € e diploma
12. A obra agraciada co primeiro premio pasará a ser propiedade da organización, así como o dereito á súa reprodución, exposición ou calquera outro uso que da mesma desexe facer. O resto das obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores.
13. As obras non premiadas serán expostas ao público tras a decisión do xurado. Poderanse poñer á venda ao público asistente.
14. A organización non se responsabiliza das perdas ou danos que puideran sufrir as obras, que estarán coidadas e protexidas en todo momento.

A sinatura da solicitude de participación supón unha declaración de coñecemento das bases e compromiso de cumprimento das mesmas. A solicitude deberá acompañarse dunha fotocopia do DNI da persoa solicitante.

Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento).

Para calquera consulta: Concello de Vilasantar, 981 77 81 69 ou comunicacion@vilasantar.gal

I Certame de Pintura Rápida "Xosé Casal" 2023

FICHA DE INSCRICIÓN (Concello).

Número de orde:

Nome:

Apelidos:

DNI:

ENDEREZO:

CP: _____ Poboación: _____

Provincia: _____

Teléfono:

e-mail:

I Certame de Pintura Rápida "Xosé Casal" 2023

FICHA DE INSCRICIÓN (Participante).

Número de orde:

Nome:

Apelidos:

DNI:

ENDEREZO:

CP: _____ Poboación: _____

Provincia: _____

Teléfono:

e-mail: